


O ANTRÓIDO



Por cinco *perros* ó mes
tés ANTRÓIDO tod o 'ano,
e sin saír d' a lareira
á calquera mamarracho

que, con disfraz fai un ho me
e sin él é un estropaxo,
lle sacarás a carántula.....
si af roxas antesos cartos.

CO TRANGALLADA PRA TODOL-OS XUEVES DE TODOL-AS SEMÁS DE TODOL-OS ANOS.—AMEN

OS CHISTOSOS.

Di un refran qu' o fruto malo abonda moito, e ateféndonos á sua moralexa moi cativo debe ser o fruto que ten por nome o epigrafe d' este artículo si pol-a abundancia que d' él hay habémolo de xuzgar.

D' a abundancia d' él todos podemos dar fé, porqu' a metá pol-o méns d' as persoas que trata calquera son ou pretenden ser chistosos.

Pasemos por alto os que teñen ben merecida a plaza de tales; aqueles que por temperamento e inxenio extraordinario, teñen sempre unha agudeza n-a punta d' a lengoa d' esas que fan rir os homes sérios e de talento; e non ós tontos *que se rín ã a risa*, e vamos á diseñar en catro garabatos o retrato d' os chistosos por forza.

Moitas concausas pode haber que empuxen e dicidan á unha persoa á adoutar n-a sociedade o coraüter de *fai me rir*; pro entre elas pode supoñerse con razon que figuran a adulación d' ás xentes inferiores en posición ou instrucion, sempre dispostas á botar a caraxada en canto apunta un chiste aquel de quen esperan ou temen algo; a debilidá d' alguns pais que crén e fan crér ós seus fillos que son moi agudos, e, en todol-os casos, a falta de criterio propeo pra xuzgar si o qu' un mesmo di ten ou non verdadeiramente gracia.

O chistoso ama a fama de tal tanto ou mais qu' o publicista, o poeta, o artista, e está sempre disposto á sostela, non parándose en barras cando de facer rir se trata: pol-o ragular a tela que magoan as suas tixeiras é a qu' o home xeneroso sempre respeta, a debilidá e a disgracia; entremezcla seus ditos con caraxadas forzadas ó modo de ruído de matraca, sendo sempr' él o primeiro qu' os celebra, facendo así d' apuntador d' o auditorio, e si dempois d' esprimir moit' o seu maxin non lle sal unha alcurrencia ó seu gusto, enton rebusca alcumes que poñer ás suas vitimas ou inventa algunha calunia, reservando sempre pr' a despedida o dito mais salpimentado e a risotada mais forte.

Cando atopa con algun contrincante, non perde de vista que xoga a sua fama de chistoso, y-enton, so-

brescitat' o cerebro pol-a prespeutiva d' a batalla, queim' hasira o último cartucho, é dicir, bota man de todol-os recursos d' o seu maxin, convirtíndose a sua boca n-unha batería pol-a que salen, á modo de proyectiles, calunias, insultos, alcumes, risotadas e hastra baba venenosa, e si n-aquela desposicion mordese á algunha persoa, é seguro que lle pegab' a rábea.

Estes tales chistosos, á forza d' andar á caza de defeutos alleos, adiquirin o carauter vixilante e agresivo d' os individuos d' a raza felina c-os que teñen algun parentesco pol-o istinto dañino; pro non todos por fortuna d' a sociedad, chegan á este extremo, porqu' tamen hay outros chistosos qu' anque collean d' o mesmo pé, teñen boas condicións morales, e mais qu' outra cousa son monos d' imitacion, sin minga de meollo pra sacar á relacir unha agudeza propea, vindo á ser así como uns enciclopedistas de cantas parolas e ademans ven n-os outros e cren que teñen gracia.

Cando a manía de ser chistoso avencia n-a cachola d' algunha muller, o demo que cargue co-ela porqu' o mal sube de punto, pois sendo a sencilles e o candor as maores gracias d' a muller, os ditos maliciosos e ás veces oscenos son mais ben unha fealdá qu' unha gracia, qu' a somella á unha tarasca ós ollos d' os homes de bó xuício.

Moito me queda n-o tinteiro, que non quero esquirbir por si as señas me saen personales de mais; e como por outra parte o que vou dicindo é mais verdadeiro que chistoso e a verdá resolta sempre amarga, ceibo a pruma, protestando ós meus leutores que nin son chistoso nin pretendo selo.

Foivos verdade.

Serian as dez, pouco mais ou menos, d' unha noite d' o mes de San Xoen cando n-a boniteira parroquia de X... lle socdeu á Pedro o qu' él mesmo me contou.

A craridá d' a lusa que alcemeaba todol-os paraxes d' a pequena aldea era tanta, que Pedro, esquencéndo-

so de qu' había n-a xente n-o lugar, atravesou sin medo e sin arma nin pau ó pinar que chaman d'os Defuntos. N-a y-alma de Pedro vultia solo o recordo de Teresa qu' o esperaba n-a porta d'o Pozo Grande, e non se decatava que n-o mesmo pinar viáanse de noite as imáxenes d'os homes e mulleres que mataron alí. C-o pensamento fixo n-a nena que segun él agardabao con ansea, camiñaba pol-os silenciosos carreiros d' a campaña c-os ollos cravados n-as longas torres d' o Pazo, que se descubrían aló por entre uns árbres.

Non había satisfacción que chegase co-a qu' o rapasentia d' estonces, nin alegría n-o mundo que s' asemellase á que lle predecía a boa conduta que sempre se veu en Teresa; éa nunca di-a que falar nada á xente d'o lugar, e a' mistade que lle tiña á Pedriño —qu' así lle chamaba,—nacera n-o fondo d'o seu corazón c-os seus primeiros anos.

Así, pois, signia Pedro, envolt' a imaxinación sua en tenras ilusíons, cando traspoñendo os castaños que lle sirven á Casa-grande d' adorno, chegou á vel-o Pozo Grande; n-a porta prencipal descubreu com, ó modo d' un bulto que non soupo reconocer, pro que maxinou fose a rapaza: acercouse mais, e trembando com' a vara que sacode o vento escondeuse tras d' un penedo pra mirar ven o que lle parecía un sono e non unha realidade. D' alí á pouco, limpand' o sudor que lle roubaba os folgos, comenzou á chorar como un neníño e caeu sin sentido entr' as herbas qu' esmaltaban o prado que chaman d' a Fonte.

¡Acababa de ver.... á Teresa que falaba c-o señorito d'o Pazo!

Cando á mañá seguinte a xente d'o rueiro soupo a disgracia que tivera Pedro ó pasar o Pinar d'os Defuntos, xa ó rapaz lle facía falla a proteución d'o médeco qu' acodeu moi lixeiro en axuda d'o mozo mais comprido d'a parroquia. Tod-alas preguntas que lle facía o doutor respeito á doencia e a fantasma que se ll' aparecera a noite en qu' o atopou como morto n-a cabeceira d'o Prado d'a Fonte, tiñan por resposta un suspiro longo e lastimeiro que fuxia d'o fondo d'o seu peito, e solo algunha ves escramaba:—"Teño unha ferida n-a y-alma que vostede, lonxe de sanala, inda m' a desgarrar mais".

Xa o leutore terá adiviñado qu' o médeco era o señorito d'o Pazo.

Pedro fora sempre un bon mozo, e anqu' era n-a aldea o ídolo d'as rapazas todas, ós poucos meses tivo que deixar a terriña por mor de non ser pillado polo médeco, pois este alcontrou unha noite á sua muller que.... falaba c-o prometido de Teresa.

Hoxe Pedro está de camareiro n'un d'os millores cafés de Madril, y-é o qu' en tal establecemento sirve aquel sabroso líquido ó autore d' est' esquirto.

Madril 80 de Nadal de 1887.

NON FALES D' ESO.

(CONTRO)

Conclusión.

Eu estou tolo,
Eu estou lelo,

Quas que non durmo,
Sinto no peito

Tal relouquido
Cando te vexo,
Que me asemella
Qu' estou morrendo.
¡Ay, miña xoya,
Canto te quero!
Di—¿dasm' un bico?...
Rosa moy quedo
Dixo, entr' os dentes,
—Non, mintireiro...
Todos os homes
Sodes ó mesmo.
Vaite, Xan, vaite,
Non fales d' eso.
—¿Qué non che fale?
Non che dou creto.
¿Ves com' as rulas,
N-os ameneiros,
Amorosíñas
Nos dan exempro?
¿Ves com' axuntan
Os seus peteiros,
E estanse dando
Bicos á centos?
¿Dásmo, Rosiña...?
—Non, fuxe demo,
Fágoch' a figa,
Erte lixeiro...
Vaite Xan, vaite,
Non fales d' eso
—¿Ou, desleigada...!
Si, agora mesmo
Voume e non volvo,
Voume moi lexos;
De soedad s
Morrerei presto...
Adios... Non fagas
Qu' en xuramentos,
Chame hastra os díaños
Todos d' o inferno.
—Xan, non te vayas,
Volve... ¡Eu toleo!
¿Non ves que choro?
¿Non ves que peno?
¡Ay! Por a Virxen,
Non fales d' eso.
—Dí que me queres...
—Ti, que eres meigo
¿Non ó adiviñas?
¡Boo! cabe quedo...
Esa man tira
D' o meu homebreiro...
¡Vaite meu fillo!
—Non, xa me quedo,
Miña vidíña,
Meu pensamento.
Pidinch' un bico...
(Dáse!!' a un neno)
¿Non queres darmos?
Ben, roubareicho...
¿E si ch' o roubo?
—Destonces, bueno;

Sendo roubado
Culpa non teño;
Tocant' a darcho,
Non fales d' eso.
O que pasara
Dempois, calemos
El era lume,
Ela tomentos
E axiña, axiña,
Soprou ó Demo.
Eu, sólo podó
Contar de certo, s.
Qu' á o fin a nena parece, a
Nin dou un berro...
Nin mais lle dixo
Non fales d' eso.
Aquela tarde
Posou n' un verbo;
Cando acordaron
Viron n-o ceo
A crara lua
Que s' iba erguend
Por entr' as follas
D' os ameneiros.
Forons' a brincos
Como coellos:
Cando chegaban
D' a casa preto,
Díxolle Rosa:
—Xan, teño medo
De que me mintas,
Por eso quero
Que tí me fagas
Un xuramento.
—¿Cal?—Que lle fal
A meu pai, presto:
Mais entramentras,
Mañan espero
Xunt' o miñío
D' os castifeiros.
Xan dand' un brinc
Como cadelo
Que vent' a lebre,
Díxolle—¡Demo!
¿Eu xurar, Rosa?
¡Boa gana teño!
A as boas noites...
Tocante a vernos...
Mais, non ó penses,
Non fales d' eso.

IV.

O fin d' o conto
Qu' o cont' o crego
Pois ben ó sabe:
Eu calareino
Pois esquencino
Fai algun tempo.
Régoll' a todos,
Mozos ou vellos,
Qu' anque s' acorden
Non falen d' eso.

BENITO LOSADA

PARSAS

Imparcial,
dadano fra
ard y Cota
en Beta
querella c
almente.
n manifest
tivo presc
s.
parce, a
A-Bernard
e portest
nome e s

umento
á esta pa
milagre
alta de fé
e falta d
as d'esta
canto ó
gaita de
ometen
men pol-
que, con
strabucc
ais por
niños ha
viaxara
é mello
por unh
in os p
scador
probar
nille á
Aquí o
gord
que to

MPARSAS E TRANGALLADAS

Imparcial, de Madril:
 Cidadano francés, viciño de España Mr. Aguard y Cotant, xerente de dúas sociedades d'os-
 ra en Betanzos, presentou ant' o Tribunal
 o querella contra algunhas autoridás por dete-
 galmente.
 nin manifestou ó interesado, foi ditinado en Ma-
 stivo preso uns cinco meses sufrindo moitas
 as.
 e parece, as autoridásp resiguian á un tal Esta-
 A-Bernard é confundírono co-él á pesar d' as
 e portestas que fixo pra dremstrar seu ver-
 nome e sua inocencia.

mento d' a criminalidá en Galicia d' algun
 á esta parte, dá márxen á qu' os neos lle col-
 milagre ó condanado progreso que trae consi-
 lta de fé.
 falta de fé pase, porque solo proba que n-as
 s d'esta xeneracion non caben rodas de moíño;
 canto ó progreso, ¿qué progreso nin que farr-
 raita disfrutan os probes labregos que son os
 meten mais delitos, xa n-as festas e ruadas, e
 n pol-a repiña, hastra certo punto desculpable
 e, como eles, adoecen co-a fame, agobeados
 rabucos, pol-as pensidós e hastra pol-os preitos?
 s por desgracia é certo que pr' atravesar hoxe
 ños hay qu' ir armados hastr' os dentes como
 axara pol-o interior d' Africa, e qu' en certos
 mellor topar c-os lobos que con certa xente
 unha peseta sega o pasa-pan á un home, co-
 os preódecos que lle fixeron ó probe trovador
 dor de violin o simpático don Adolfo, ou
 bar un revolver e votarse fama de valentes
 e á calquera unha onza de plomo n-o corpo.
 i o que fai falla é qu' a xusticia non fag' a
 orda por mor de.... e qu' ó qu' a faga se lle
 tod' o rigor d' o Código.

Xa chega d' o Antroido,
 con noites moi frias,
 o alegre reinado
 por solos tres dias.
 Os dioses á honralo
 d' a mansion olímpica,
 descendén en nubes
 (ou chuvia ou pedrisca).
 Por faco unha cuba
 e a frente alcendida,
 xa baixa o dios Baco
 sin soltar a chispa.
 Tras él, revulindo
 ó modo d' avispa,
 en punto do baile
 camióna Tersípeore.
 Venus, qu' é d' as diosas
 mais amorosiñas,
 co-a presa esquenceulle
 vestir a camisa,

e así é o seu traxe
 d' o máis realista,
 cara, pelo, brazos,
 peito e pantorrillas.
 Si as d' o mesmo seuso
 qu' este mundo habitan,
 siguen a sua moda,
 enton si qu' atinan.
 Tamen Cupidiño,
 co-a venda n-a vista,
 d' espetal-o dardo
 a ocasion atisba.
 Por fin, o dios Momo,
 maxestá diviña,
 recrama d' as xentes
 mil hurras e vivas.
 ¡Ven veñan os dioses
 que tran a' legria,
 con músecas, bailes,
 amores e orxías.
 Berremos, pois, todos
 chorando co-a risa:
 ¡Que viva o dios Momo!
 ¡O Antroido que vivaaa!

Houbome dar un pesamento cando me contaron
 a noticia qu' hoxe trasmito os meus leutores (anque
 non sallo fiador por canto se me fai cost' arriba o que
 n' ela se dí) pra seu conecemento e admiracion si por
 disgracia fose certa.

Parce qu' o crego don Silvestre, vello e achacoso
 caeu co-a forza d' o mal no leito quizaes pra se non
 erguer, e qu' n-él houbera morto xa de fame e de mi-
 seria si alguns veciños de bon corazón non o atende-
 ran é auxiliaran, e sin qu' os compañeiros d' el (esce-
 to un) s' acordasen de socorrelo en tan desconsolada
 situación.

Ripite que non quero nin debo dar creto á esta
 noticia por qu' os que pradican de cote a caridá e o
 cumprimento d' as obras de misericordia non poden
 deixar sin valerlle, morrer n-a miseria e n-a soedá
 á ese probe vello nin a nada. O qu' eu creyo, é qu' eles
 non teñen conecemento d' o que pasa é d' ahí qu' a xen-
 te mala que tira contr' os cregos se desfagan en len-
 goas como si eles tiveran que iforar esa calamidá.
 Poden estar seguros esos xudíos falangueiros que din
 qu' "os cregos pradican pro non dan trigo" que cum-
 prirán c' os seus deberes d' hirman e próximo.
 ¡Pois non faltaria mais!

—Eses deben ser bés mostrencos.
 —¿A quén chamas mostrenco, oh?
 —Falo d' a pila de taboas qu' está pegada á Ponte
 Vella, que fai pouco tempo tiña dúas varas mais d'
 alta.
 —Eu che direi; casi que tés razón, porqu' eu que
 son veciño vin pol-os meus ollos levar taboas uns e
 outros, e non paso á crer qu' unha propiedá tan cati-
 va poida tér tantos donos.
 —¡Veni' a nai d' o dono qu' así as deixa ó alcance
 d' a man.

sfráz fai u
 a estropar
 a carántu
 ntes os ca
 ANOS.—
 BON EU
 s locas ale
 es pretend
 same o qu
 rezositar.
 a pol-o es
 stand' o fo
 ne d' a na
 como meus
 sigros de l
 i sociodá
 r que son
 ueren ocul
 ante o meu
 pendo co-a
 nborcall' e
 ue non á sa
 d' aqueles
 fogueira l
 os demos t
 c-o disfras
 urman d' a
 nada é xá,
 o mundo q
 be engaña
 ozo brinc'
 a y-o galán
 os fuciños
 e o paladar
 son d' a mi
 a outoridá
 n teñ' os m
 om' o de xi
 a dades c-o
 rtarios de v
 estilo d' h
 es dan cred
 chándome
 o mesmo
 ales direit
 qu' otorga
 oticen a leg
 «antusias
 ades de val
 ag' a entra
 —¿Qu' eres
 atira e reali
 ert' o que v
 o por rey d

Agota que se avencian os días das laccas las, recomendamos ós nosos leutores o viño branco de Rueda, de CATRO ANOS d' edá, e que, xuro á Brios, asemella o mellor Xerez pol-o sabor, bó cheiro e dourado color, aventaxándole n-o precio qu' é o de real e medio o neto, e véndese n-a casa de Manuel Maria Moreton, Rúa Nova, número 10.

Repito: dá trinta e raya ó mellor Xeres, e pode figurar n-as mellores mesas sin que lles manche as chalreteras ós viños embotellados.

Preséntase bó o Antroido,
pedir mais fora cobiza,
pois cousas verá Betanzos
qu' aind' o demo n-imaxina.
Prepáran' entr'outras cousas
gran enterro d' a sardiña,
e unha comedeia-apropóseto
que fará estoupar co-a risa.
Hastr' uns nenos de bó humor
pol-a propea niciativa,
proyeutan as suas comparsas,
que non han de ser cativas.
Hay bailes n'a Ponte Vella,
y-este domingo precipia
aló n-a calle d' Abaixo
outro con boa musiquiña.
Haberá tal gasto d' humor
que rebose x' a alegría,
por adiante e por atrás,
por abaixo e por arriba.

ÚLTIMA HORA.

Orden divina comuncada ó ANTROIDO pol o aramio.

Nos o dios Momo:

Por canto Nos sabemos abundan en Betanzos inxenio, bo humor, desprendimento e alegres e feiticeiras raparigas, mandamos que n-ousequio d' estas, sociedades de recreyo, corporacións, particulares, mozos, vellos, nenos, boten casa pol-a ventana, percurando non haxa caras de pascoas chegada miña.

Item mais encherse hastra reventar lacons, filloas, orellas, etc., que famenta Coaresma non vos colla sin untos.

Daránse órdenes detall Intendencia palacio meu.

IMP. DE A. AMENEDO PONTE.

Soportás d'o Campo, 7

XOSÉ AMADO

36, — CANTON GRANDE, — 36.

BETANZOS.

O repito, anque xa o saben veciños e forasteiros:

título de profesor
pra arregrar barba e cabelos,
o púbrico dá en xusticia
á Xosé Amado o barbeiro,
úneco que vai c-o sigo
n-a elegancia e n-o bó xeito.
El non escatima os cartos
en perfumes estranxeiros,
en xabons d' última moda,
en navallas y-en cosméticos.
Entra n-o establecemento
con polvo n-a chola un vello,
y-ós dez minutos ve un xoven
en un manífico espello.
O que veña de Madril,
de París ou de Burdeos,
si vai á sua barbería,
non bota nada de menos.
Si él chega á saber qu' o alabo
rábea, porqu' é moi modesto;
mas eu berro: *Non plus ultra*
Xosé Amado entr'os barbeiros.

J. FRANCO

FOTÓGRAFO.

63, — Rúa-Nova, — 63.

Escusado é dicir a perfeucion e esautidat
que dito fotógrafo executa cantos traballos
ll' encargan, como tamen a nunca vista
tura no preceo d, as suas obras.

Sigue retratando o mesmo os días de
como n-os nubrados ou chuviosos.

Retratos á REAL.

TEODORO D'O CAM

—Segunda Colección.—

UNHA GRAN PARTIDA DE VIÑO NO

DE TORO, SUPERIOR

á 6 cadelas pequenas n

—e por maór á 36 reás a cántara.—

Valdeorras á real.